



DATOS IDENTIFICATIVOS

Contorna Legal

Materia	Contorna Legal			
Código	V55M164V01102			
Titulación	Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA)			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Departamento do IESIDE (Vigo) Dpto. Externo			
Coordinador/a	Cuadrado Ramos, José Daniel			
Profesorado	Airas Cotovad, Xurxo Anxo Cuadrado Ramos, José Daniel			
Correo-e	daniel.cuadrado@ieside.edu			
Web	http://www.ieside.edu			
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é familiarizar aos estudantes coa forma xurídica da empresa, co funcionamento dos seus órganos e coa documentación que recollerá os acordos e decisións destes; así mesmo, abordarase o contido básico dos principais contratos mercantís e as cautelas e garantías que convén ter en conta en cada caso, facendo fincapé no manexo dos instrumentos de crédito e de pago máis frecuentes no tráfico empresarial. Támén se persegue que o estudante coñeza o marco legal no que se van a desenvolver as relacións laborais entre empresa e empregado, tendo en conta as peculiaridades e consecuencias de cada modalidade contractual, así como para garantir o adecuado desenvolvemento das relacións laborais. Por último, analizaranse os aspectos do sistema impositivo vixente relacionados coa empresa; medirase e valorará o custo impositivo das decisións que se adopten, e a carga administrativa que xera; e desenvolveranse as técnicas de planificación fiscal, tanto desde un punto de vista nacional como internacional.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B2	Xestionar a información como elemento crave para a toma de decisións, así como para a identificación e resolución de problemas empresariais, tendo en conta a interrelación entre as diferentes áreas funcionais e de negocios.
C2	Identificar as principais cuestións legais que afectan ao día a día da empresa, desde unha perspectiva mercantil, laboral e fiscal.
D7	Resolución de Problemas: Identificar, analizar e definir os elementos significativos que constitúen un problema para resolvelo con criterio e de forma efectiva.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer a forma xurídica da empresa, o funcionamento dos seus órganos e a documentación que recollerá os acordos e decisións destes.	A2 B2
Diferenciar os distintos contratos mercantís, coas cautelas e garantías que convén ter en conta en cada caso.	A2 B2 C2
Manexar os instrumentos de crédito e de pago máis frecuentes nas empresas.	A2 B2

Coñecer o marco legal no que se van a desenvolver as relacións laborais entre empresa e empregado, así como os elementos fundamentais da contratación laboral.

A2
B2
C2
D7

Analizar e desenvolver as técnicas de planificación fiscal.

A2
B2
C2
D7

Contidos

Tema

DEREITO MERCANTIL	Forma xurídica da empresa Os títulos valores e a súa utilización como documentos mercantís de crédito e de pago O empresario e os contratos
NORMATIVA LABORAL	Marco Laboral Relacións colectivas
DEREITO FISCAL	O Imposto de Sociedades O Imposto sobre o Valor Engadido

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	0	12
Debate	2	6	8
Estudo de casos/análises de situacións	4	4	8
Resolución de problemas	5	5	10
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	0	21	21
Probos de resposta curta	1	15	16
Observación sistemática	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...
Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvolo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticarlo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problema e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	O profesor atenderá ás necesidades e consultas do estudante relacionadas coa análise de situacións vinculadas coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	O estudante terá un seguimento continuo e unha atención personalizada, a través da resolución de problemas e/ou exercicios e do control do traballo realizado.
Debate	O profesor atenderá a calquera dúbida respecto dos temas expostos e obxecto de debate, pódose a disposición dos alumnos para resolver calquera cuestión que se lle expoña.

Avaliación

Descrición		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
Estudo de casos/análises de situacións	Proba en que se expón unha situación ou problemática xa dada ou que pode darse, partindo dos diferentes factores involucrados, a análise dos antecedentes, condicións, da situación, etc.	30	A2	B2	C2	D7	
Probas de resposta curta	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de maneira directa e breve en base aos coñecementos que teñen sobre a materia.	60	A2	B2	C2	D7	
Observación sistemática	Técnicas destinadas a recompilar datos sobre a participación do alumno, baseados nunha listaxe de condutas ou criterios operativos que facilite a obtención de datos cuantificables.	10	A2	B2			

Outros comentarios sobre a Avaliación

A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

MARTÍN QUERALT, J., **Curso de derecho financiero y tributario**, 26ª ed., Tecnos, 2015

SÁNCHEZ CALERO, F., **Principios de Derecho Mercantil**, 20ª ed., Aranzadi, 2015

MONTOYA MELGAR, A., **Derecho del Trabajo**, 37ª ed., Tecnos, 2016

Bibliografía Complementaria

Estatuto de los Trabajadores, 32ª ed., Tecnos, 2016

Memento Contratos Mercantiles 2017-2018, Ediciones Francis Lefebvre, 2017

Memento Sociedades Mercantiles 2018, Ediciones Francis Lefebvre, 2016

Memento Práctico Fiscal 2017, Ediciones Francis Lefebvre, 2017

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Xestión Económico-Financeira/V55M164V01105

Xestión e Administración de RR. HH./V55M164V01107

Outros comentarios

O estudante debe revisar diariamente a conta de correo de IESIDE, dado que os avisos e comunicacións faranse a esa conta.